

Estratexia

ACCIÓN

HUMANITARIA



**solidariedade
internacional**

G A L I C I A

ÍNDICE

1

Presentación

2

Asunción dos principios humanitarios

3

Ámbito de actuación

4


Líñas de actuación: Asistencia e protección en crises climáticas e alimentarias no Corredor Seco

4

Líñas de actuación: Asistencia e protección a persoas migrantes no Corredor Migratorio Mesoamericano

Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) é unha organización comprometida co cambio social e a mellora das condicións de vida das comunidades do sur global. Ante os grandes desafíos da humanidade, entendemos **a cooperación coma exercicio de resistencia**. Unha cooperación que nos **humaniza** e nos enfrenta á vulnerabilidade, á exclusión e á opresión de pobos e sociedades que meceren, por **xustiza, actos de compromiso transfronterizos**.

Dende SIG queremos asumir un rol activo na construción da igualdade e na procura de novas **relacións internacionais baseadas no apoio mutuo e colaboración**. Dende hai máis de 25 anos traballamos coa sociedade civil organizada de máis de 30 países para contribuír ao esforzo colectivo que reivindica dereitos, mellora condicións e fortalece capacidades. SIG traballa da man de ONGDs locais en territorios do sur que foron e son prioritarios para a cooperación galega. A través de organismos públicos financiadores e dunha pequena parte de financiamento privado, viuse mellorada a calidade de vida de comunidades en Centroamérica, Sudamérica, Oriente Medio e África.



No noso último **Plan Estratégico 2022-2027** da área de cooperación internacional, establecemos como un dos nosos obxectivo:

PALIAR E REDUCIR A VULNERABILIDADE RESPONDENDO ÁS CRISES HUMANITARIAS CON EFICACIA E CALIDADE

Dende a súa creación no ano 1996, Solidariedade Internacional de Galicia executou **14 proxectos de Acción Humanitaria**.



O seu labor nesta materia empezou no ano 2005 mediante o apoio á emerxencia causada pola treboada tropical “STAN”, en comunidades rurais dos departamentos de Suchitepéquez, Sololá e Chimaltenango en Guatemala. E tería continuidade noutros territorios de Haití, Colombia, Honduras e Guatemala.

Aínda que non se define especificamente como axente humanitario nos seus estatutos, SIG establece que a entidade nace “coa finalidade de promover a xustiza social e alcanzar un modelo de sociedade baseado nun desenvolvemento económico, social e cultural, harmónico, sostible e equilibrado”.

Seguindo as dúas liñas de intervención referentes a Acción Humanitaria que se recollen no Plan Estratégico 2022-2027: *intervir nos territorios nos que SIG ten presenza mediante o acompañamento ante situacións de crise humanitaria con especial atención no Corredor Seco e fortalecer as capacidades institucionais para a posta en marcha de iniciativas de carácter humanitario*. Procúrase penetrar e contribuír nesta área, aproveitando a presenza que ten en territorios coma o do Corredor Seco. Deste xeito, poderá estar a disposición das entidades aliadas no momento en que suceda unha crise humanitaria .

2. ASUNCIÓN DOS PRINCIPIOS HUMANITARIOS

SIG incorpora os **principios do Dereito Internacional Humanitario** así como as **normas** establecidas no marco normativo internacional de Acción Humanitaria. Cada unha das accións humanitarias de SIG rexeráse na súa execución polo escrupuloso respecto e cumprimento destes principios:

1

HUMANIDADE

Adoptaranse todas as medidas posibles para evitar ou aliviar o sufrimento humano provocado por catástrofes, conflitos e situacións de urxencia ou crises esquecidas. Todas as persoas teñen dereito a recibir protección e asistencia.

2

NEUTRALIDADE

Entendida no marco do enfoque de “Acción sen Dano” como a abstención de comportamentos e accións que supoñan colocar en risco a operación, a seguridade e integridade da poboación civil á que se presta a asistencia e protección. SIG non se posicionará publicamente en favor dunha parte do conflito.

3

IMPARCIALIDADE

A axuda proporciónase ás persoas en función das súas necesidades, non en función de calquera outro criterio que supoña discriminación por raza, sexo, ou ideoloxía política.

4

INCIDENCIA E TESTEMUÑO

En cada intervención realízase un traballo de testemuño/incidencia sobre os dereitos das persoas afectadas, sen que isto implique infrinxir o principio de imparcialidade.

2. ASUNCIÓN DOS PRINCIPIOS HUMANITARIOS

5

INDEPENDENCIA

SIG desempeñará as súas funcións sobre a base das súas propias decisións, á marxe de condicionamentos políticos. A información do proxecto será manexada coa prudencia que esixe o contexto e de acordo ós procedementos previstos nos clústeres de NNUU, sustentarán accións de sensibilización e testemuño levadas a cabo en diferentes ámbitos (rexional, nacional e internacional). SIG realizará diagnósticos en base á recolleita de datos que serán en todo momento contrastados de xeito independente

6

PARTICIPACIÓN

das persoas damnificadas. A participación é un elemento cruce para todas as intervencións de SIG, por iso, durante a súa execución, poñeranse en marcha mecanismos para medir en efecto unha participación de grupos diferentes (persoas con diversidade funcional, persoas maiores, nenos e nenas, homes e mulleres).

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación desta estratexia son os territorios nos que SIG ten presenza; **Bolivia** e o triángulo norte de Centroamerica, composto por **Guatemala, Honduras e O Salvador**.



Estes países, **territorios históricos e prioritarios para a cooperación galega e para SIG**, están a enfrontar importantes ameazas froito de factores entrecruzados e mantidos no tempo como a pobreza elevada, eventos climáticos extremos recorrentes, violencia crónica, acceso limitado a servizos de saúde e fluxos migratorios desde dentro e fora dos países.

As distintas necesidades producidas por estas condicións formaron un tecido complexo de vulnerabilidades que a acción humanitaria busca atender con abordaxes intersectoriais desde hai varios anos. No caso do triángulo norte de Centroamérica a Oficina das Nacións Unidas para a Coordinación de Asuntos Humanitarios (OCHA) elabora dende 2021 de maneira continuada plans anules de Resposta Humanitaria para abordar de maneira coordinada, con todos os axentes humanitarios implicados, as múltiples ameazas que enfronta a rexión. Dende SIG, pola nosa experiencia e capacidades, centrarémonos en dar resposta ás crisis producidas polas características de tres destes países: **Corredor Seco Centroamericano e Corredor migratorio Centroamericano**.

4. LÍÑAS DE ACTUACIÓN

Asistencia e protección en crises climáticas e alimentarias no Corredor Seco

Honduras, Guatemala e O Salvador atópanse atravesados polo Corredor Seco Centroamericano, unha zona que vai dende o sur de México ata Panamá, considerada unha das **zonas máis vulnerables ao cambio climático** do mundo. Caracterízase por longos períodos de **secas** alternados con **períodos de fortes choivas** que afectan gravemente os medios de subsistencia e a seguridade alimentaria.

Nos últimos anos, as crecentes tendencias a secas máis prolongadas en certas zonas dos tres países, relacionadas co fenómeno climatolóxico de El Niño, e a choivas cada vez máis fortes provenientes de depresións ou tormentas tropicais noutras partes, tiveron un efecto devastador.

En novembro de 2020, en plena crise polo COVID-19, dous furacáns, ETA e IOTA, impactaron nas costas de Centroamérica deixando ao seu paso máis de 9.9 millóns de persoas afectadas, decenas de comunidades incomunicadas e inaccesibles por inundacións e deslizamentos. En outubro de 2022, a tormenta tropical Julia volveu azoutar Centroamérica, causando importantes danos nas infraestruturas e nos cultivos de países como Honduras e Guatemala.

Estes episodios de choivas torrenciais xunto a períodos cada vez máis longos de secas, unidos ao incremento dos prezos nos últimos anos e ás mantidas condicións de pobreza de gran parte da poboación da rexión, están a provocar, entre outras cousas, unha **grave crise de inseguridade alimentaria**. Segundo as últimas proxeccións da Clasificación Integrada da Seguridade Alimentaria en Fases (CIF), o ano 2024 tamén será un ano marcado polo difícil acceso a alimentos nos fogares máis pobres. Estímase que pasen dunha Fase 2 de inseguridade alimentaria Acentuada durante os primeiros meses a unha fase 3, de inseguridade alimentaria aguda de Crise.

4. LÍÑAS DE ACTUACIÓN

Asistencia e protección en crises climáticas e alimentarias no Corredor Seco

As proxeccións indican que taxa de inflación tende a estabilizarse, en ambos países diminuindo os datos reportados no ano 2023, producindo unha lixeira mellora no acceso os alimentos para os fogares máis empobrecidos da rexión, pero sen chegar acadar os datos anteriores a 2020. O prezo dos grans básicos persistirán atípicamente altos nos tres países, pola dispoñibilidade reducida e alta demanda por mor dos danos na produción dos ciclos 2023/2024. Tamén se mantén o prognostico de choivas deficitarias e temperaturas por riba da media, dado o fortalecemento do fenómeno de El Niño. Por outra banda, para o inicio da temporada de chuvias (maio/juño) prevese a transición o fenómeno La Niña, que dará paso a un período de irregularidade nas precipitacións e chuvias por riba do promedio. A pesar das condicións anteriormente recollidas prévese que que o ano 2024 mellore os resultados das colleitas en comparación co ano anterior.

As frecuentes secas perturbaron gravemente as prácticas agrícolas da rexión, socavando a produción de alimentos e aumentando os niveis de inseguridade alimentaria e desnutrición, especialmente nas comunidades rurais. Estes factores ambientais son acompañados pola degradación ambiental, erosión e salinización de chan afectando a saúde e os medios de vida, especialmente en comunidades rurais

Un factor importante a ter en conta é que as perdas agrícolas e económicas producidas polas situacións climáticas extremas, prexudicaron desproporcionadamente ás mulleres, en particular polos impactos en mulleres rurais produtoras e a redución consecuente de ingresos, de accesos a servizos financeiros e de autonomía física e socioeconómica

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Asistencia e protección en crises climáticas e alimentarias no Corredor Seco

SIG lleva traballando nesta liña desde o 2020, en **Honduras**, da man de **Sur en Acción**, con proxectos de cooperación internacional e acción humanitaria.



Nos próximos anos, traballaremos nas seguintes liñas:

1. Impulso de prácticas productivas más resilientes al cambio climático.
2. Asistencia alimenticia a familias vulnerables.
3. Fortalecimiento de los sistemas comunitarios de prevención y gestión de riesgos.

4. LÍÑAS DE ACTUACIÓN

Asistencia e protección a persoas migrantes no Corredor Migratorio Mesoamericano

O Corredor Migratorio de Centroamérica vai desde Panamá ata México, tendo como meta final os Estados Unidos. Destaca por ser unha das rutas de migración irregular máis coñecida. Desprazarse de maneira irregular significa que estas persoas deben tomar roteiros e medios de transporte perigosos para evitar ser detectadas. As persoas que viaxan de forma irregular por esta rexión están expostas a explotación, violencia, extorsión, trata de persoas, violencia sexual, secuestro e recrutamento para formar parte de grupos criminais organizados.



Moitas das persoas que entran e migran por Centroamérica, proveñen de países de Sudamérica, como Venezuela ou Ecuador, pero tamén de países de África, Asia e o Caribe que ingresaron ao continente a través de varios países suramericanos que teñen menores requisitos de visado, polo que, cando chegan a Honduras, xa levan un longo e duro camiño percorrido. Cada persoa migrante neste roteiro é o reflexo da situación que sofren as poboacións nos seus países de orixe, angustiados pola pobreza, violencia e corrupción. A este roteiro migratorio tamén se suman nacionais do Triángulo Norte Centroamericano conformado por Honduras, O Salvador e Guatemala, países que enfrontan grandes niveis de pobreza extrema, falta de oportunidades laborais, inseguridade alimentaria, situacións climáticas adversas, e inseguridade e violencia.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Asistencia e protección a persoas migrantes no Corredor Migratorio Mesoamericano

Honduras, Guatemala e O Salvador sitúanse como países centrais do corredor migratorio Mesoamericano, o que converte nunha rexión de paso obrigatorio onde conflúen os movementos migratorios mixtos.

Nos últimos anos, grazas ao financiamento da Cooperación Galega, SIG apoiou o traballo que Sur en Acción e Fundación Alivio ao Sufrimento levaron a cabo para apoiar a persoas migrantes na fronteira suroriental de Honduras.



FUNDACIÓN
ALIVIO DEL
SUFRIMIENTO



Nos próximos anos, traballaremos nas seguintes liñas:

1. Asistencia e protección a persoas migrantes.
2. Fortalecemento das capacidades dos centros de atención a persoas migrantes.
3. Sensibilización á poboación sobre os dereitos das persoas migrantes e